

## ACTA N° 09/09

### **SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 20 DE FEBREIRO DE 2009**

#### **Asistentes:**

#### CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.

Daniel Rodas Chapela

D. Víctor Manuel Pastoriza Lino

Teñen excusada a súa indasistencia, D. Arturo González Pérez e D.<sup>a</sup> Libertad Cruz Couso.

Secretario: Carlos Piñeiro Sarmiento

Na Casa do Concello de Moaña, o 20 de febreiro de 2009, reúnense as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 14:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 14:15 horas.

#### **1.- APROBACIÓN DE PROXECTO DE OBRA “ACONDICIONAMENTO DOS PARQUES INFANTÍS DO ALMACÉN, SAN BARTOLOMEU, A PRAIA, TIRÁN E O CASAL NO CONCELLO DE MOAÑA”**

En Xunta de Goberno, de data 9 de febreiro de 2009, aprobouse Proxecto básico e de execución para a obra “Acondicionamento dos parques infantís do Almacén, San Bartolomeu, A Praia, Tirán e O Casal no Concello de Moaña” pertencente ao Fondo Estatal de Investimento Local.

Á vista dos informes emitidos pola Secretaría e a Intervención municipal no que se deixa constancia de que o documento previamente aprobado non pode ter a consideración de proxecto técnico de obra, o Concello encargou a redacción dun novo proxecto. Proxecto remitido e que se presenta a aprobación e onde consta: Memoria descriptiva das actuacións a acometer, Orzamento das obras, Planos do Proxecto e Estudo Básico de Seguridade e Saúde, proxecto, redactado pola Enxeñeira Técnico Agrícola Dna. Silvia Vázquez Fernández.

Á vista dos citados antecedentes, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos presentes, ACORDA:

PRIMEIRO: Deixar sen efectos a o acordo adoptado en Xunta de Goberno de data 9 de marzo de 2009 sobre aprobación do citado proxecto.

SEGUNDO: Aprobar o Proxecto da Obra “Acondicionamento dos parques infantís do Almacén, San Bartolomeu, A Praia, Tirán e O Casal no Concello de Moaña” redactado pola Enxeñeira Técnico Agrícola Dna. Silvia Vázquez Fernández, e que conta cun

importe de execución por contrata de CEN MIL EUROS (100.000,00 euros). (86.206,90 + 13.793,10 euros de IVE).

## **2.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “CONSTRUCCIÓN DE DOUS CAMPOS DE FÚTBOL-7 DE HERBA ARTIFICIAL NA XUNQUEIRA (MOAÑA)”**

Examinado o expediente para a contratación por PROCEDIMIENTO ABERTO, tramitación urgente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2009 da obra: “Construcción de dous campos de Fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)”, redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, e que conta cun importe de execución por contrata de TRESCIENTOS CORENTA E TRES MIL CENTO CORENTA E OITO EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (343.148,78 euros). (295.817,19 euros + 47.330,87 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por concurso con procedemento aberto da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crean un Fondo Estatal de Inversión Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender o seu financiamento

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra, discrepancia da cualificación do contrato, ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente, e onde se recomenda a rectificación de algún dos apartados dos pregos de cláusulas administrativas particulares.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

PRIMEIRO.- Introducir nos pregos as rectificacións sinaladas nos informes da Secretaría e da Intervención Municipal, ordeando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados con anterioridade á adxudicación do contrato, entendendo suficientemente xustificadas este contrato coma contrato de obras.

SEGUNDO.- Aproba-lo expediente de contratación por procedemento aberto, tramitación urgente, para a adxudicación da obra “Construcción de dous campos de Fútbol-7 de herba artificial na Xunqueira (Moaña)”, redactado polo Arquitecto D. José Luís Domínguez González, e que conta cun importe de execución por contrata de TRESCIENTOS CORENTA E TRES MIL CENTO CORENTA E OITO EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (343.148,78 euros). (295.817,19 euros + 47.330,87 euros de IVE).

TERCEIRO.- Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexer a contratación de obras, mediante procedemento aberto.

CUARTO.- Publica-lo anuncio de licitación, tal como se establece no citado prego, no B.O.E e no perfil do contratante, deixando constancia de todo elo no expediente.

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 343.148,78 euros con cargo á partida 4520.62203 con cargo ao orzamento municipal do ano 2009.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

### **3.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: “ACONDICIONAMENTO DE BEIRARRÚAS E ZONAS DE APARCAMENTO NO CONCELLO DE MOAÑA”**

Examinado o expediente para a contratación por procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, iniciado por providencia da Alcaldía de data 17 de febreiro de 2009 da obra: “Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña” redactado polos Servizos Técnicos Municipais e aprobado en Xunta de Goberno de data 16 de febreiro de 2009 e que conta cun importe de execución por contrata de OITENTA E SEIS MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (86.868,78 euros). (74.886,88 euros + 11.981,90 euros de IVE).

Visto o Prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer para a contratación por procedemento negociado sen publicidade da obra e visto, tamén, o cadro de características do Contrato.

Visto o Real Decreto-Lei 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crean un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e se aproban créditos extraordinarios para atender o seu financiamento.

Visto os informes da Secretaría e da Intervención municipal, onde se deixan constancia de discrepancias en canto a aprobación dos proxectos de obra e a inclusión de gastos de seguridade nos custos de execución material do proxecto, discrepancia entre proxecto e pregos sobre o prazo de execución das obras, inclusión das melloras nos aspectos a negociar, ausencia dalgunha da documentación que debe obrar no expediente.

A Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Introducir nos pregos as rectificacións sinaladas nos informes da Secretaría e da Intervención Municipal, ordeando incorporar ao expediente a documentación requirida polos informes sinalados con anterioridade á adxudicación do contrato. O prazo de execución é o que figura nos PCAP debendo corrixirse o erro no proxecto.

**SEGUNDO.-** Aproba-lo expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade, tramitación urxente, para a adxudicación da obra “Acondicionamento de beirarrúas e zonas de aparcamento no Concello de Moaña” redactado polos Servizos Técnicos Municipais e aprobado en Xunta de Goberno de data 16 de febreiro de 2009 e que conta cun importe de execución por contrata de OITENTA E SEIS MIL OITOCENTOS SESENTA E OITO EUROS E SETENTA E OITO CÉNTIMOS (86.868,78 euros). (74.886,88 euros + 11.981,90 euros de IVE).

**TERCEIRO.-** Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares que haberan de rexe-la contratación de obras, mediante procedemento negociado sen publicidade.

**CUARTO.-** Remitir as invitacións para participar na licitación, ás seguintes tres empresas capacitadas para realizar o obxecto do contrato:

- MOVEXVIAL S.L.

- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA S.L.
- CONSTRUCCIONES E.C. CASAS SL.

QUINTO.- Autoriza-lo gasto por importe de 86.868,78 euros con cargo á partida 5110.61122 do orzamento municipal do ano 2009.

SEXTO.- Dispoñe-la apertura do procedemento de adxudicación.

SÉTIMO.- Nomear ao Concelleiro de Urbanismo, D. Valentín Piñeiro González responsable do contrato.

E non sendo outro obxecto, a Presidencia dá por rematada a sesión, sendo as 14:45 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario DOU FE.